

A CIG-ENSINO LEVANTOUSE DA MESA SECTORIAL DOCENTE AO NON ESTAR DISPOSTA A CONSELLARÍA A RETIRAR A ORDE QUE REGULA OS CENTRO PLURILINGÜES NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Connosco tamén se levantaron da mesa a UGT e máis STEG, conxuntamente representamos case un 70% da representación sindical.

En primeiro lugar a CIG-Ensino ten que denunciar a teima desta Consellaría de Educación en atacar a nosa lingua. A presentación desta Orde hoxe é unha mostra máis da fobia contra o galego deste equipo de Educación. Non doutro xeito se pode entender que o desenvolvemento do Decreto 79/2010 comece precisamente por esta medida e, xa antes, polo cambio dos libros de texto, mediante un gasto elevadísimo para o que non hai ningún tipo de contención económica, obrigando ás familias que non van ter gratuidade, a maioría por certo, a realizar un gasto supérfluo nesta época de crise, cando os libros actuais teñen entre un e dous anos de vixencia e mentres nada se di das materias que non están fixadas no Decreto mais que terán que ser impartidas en galego.

A segunda medida que adopta a Consellaría para desenvolver o decreto é precisamente esta orde, é dicir, a implantación do terzo en inglés. Xustamente esta medida, que se introduciu no Decreto coa clara finalidade de **reducir a presenza do galego** baixo o prexuzoso argumento de que temos que saber desenvolvernos en idiomas estranxeiros, mais non coñecer a nosa lingua propia. Pero é máis esta orde non garante unha mellor aprendizaxe das linguas estranxeiras para todo alumnado galego xa que non recolle cuestións fundamentais para a aprendizaxe dos idiomas como son:

- Redución de alumnado por aula
- Desdobres dos cursos na docencia de linguas estranxeiras
- Profesorado especialista e maiores recursos didácticos

A CIG-Ensino pediu a **retirada desta orde**, porque estamos diante dunha proposta realizada co único obxectivo de reducir a presenza da nosa lingua e é unha auténtica falacia, pois é imposible acreditar en que a implantación dun terzo do horario en inglés supoña máis destreza nesta lingua, cando **non se adoptan medidas que son absolutamente necesarias para incentivar a aprendizaxe dun idioma**, como a redución de alumnado por aula e a dotación de máis profesorado. Alguén pode pensar que con trinta ou máis alumnos e alumnas na aula é posible que todos e todas adquiren destrezas nunha lingua estranxeira? É imposible.

Pedimos a retirada desta orde porque os seus obxectivos foron precisamente un dos motivos para o informe negativo do Consello Consultivo, pois como alí se di: *“ese máximo dun terzo do horario podería resultar desproporcionado con relación ao horario que se dispensa ás dúas linguas oficiais... pode supor un sacrificio para a aprendizaxe tanto oral coma escrita das linguas oficiais, tendo en conta os mandatos e fins tanto do Estatuto de Autonomía de Galicia coma da Lei*



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

www.cig-ensino.com

de normalización lingüística... e da Carta europea das linguas rexionais e minoritarias.” En contra do recollido no informe do Consello Consultivo e a pesar da claridade coa que queda dito, a Consellaría comeza polo final, implantando sen ningún tipo de progresividade o terzo en inglés precisamente para sacrificar a presenza do galego.

Con esta orde preténdese continuar na colonización e na marxinação do noso idioma propio, como demostra un dos obxectivos recollidos na orde e que non dimana de ningún tipo de marco legal: “Fomentar a pluralidade lingüística e cultural nos centros educativos para lograr a plena integración do alumnado *nun contexto cultural e económico globalizado*”, é dicir, máis marxinação para a nosa lingua que é a única asoballada e desprestixiada. Ademais, nin sequera se recolle que sexa o galego a lingua de partida e de chegada desde a que se acceda á aprendizaxe noutros idiomas.

Esta norma establece unha barreira selectiva e segregadora para o alumnado, pois dá lugar á clasificación dos centros e do seu alumnado desde un punto de vista elitista e contrario á equidade e á igualdade. Créase ademais un **círculo de preferencias**, xa que o alumnado que curse os seus estudos nestes centros obterá un certificado que lle dará preferencia na participación en programas específicos e de formación lingüística da Consellaría en detrimento do alumnado que non tivo esa oportunidade. E cabe entender que será este alumnado e este profesorado o que teña preferencia en **proxectos internacionais de intercambio**. Precisamente despois de eliminar esta posibilidade para a totaliade dos centros educativos. Como se pode ter o cinismo de recoller nesta orde que se promoverá “a participación do profesorado e do alumnado destes centros en proxectos e intercambios internacionais” despois de ter anulado as convocatorias para este ano sen avisar nin sequera aos centros e sen atender as situacións creadas?

Por outro lado **vai ser un elemento de discriminación entre o alumnado por introducir un criterio de selección non obxectivo** que vai vulnerar na práctica o dereito dalgúns nenos e nenas a ser escolarizados no centro máis próximo ao seu domicilio. Esta forma de ordenar o sistema educativo dará lugar a centros de primeira e centros de segunda e seguirá abrindo a fenda entre rural e urbano.

Estamos ante unha auténtica aberración pedagóxica, nun contexto dun 30% de fracaso escolar, promóvese unha medida que aínda vai afondar máis neste fracaso e que, desde logo non é unha medida para palialo. Como fará unha nena ou un neno de seis anos que inicia a escolarización obrigatoria en primeiro de Primaria para aprender as matemáticas en inglés? Como é posíbel que esta nena ou este neno non poidan aprender as matemáticas en galego e si poidan facelo en inglés? E como pode ser posíbel que o alumnado de entre 3 e 6 anos teña que ter un terzo das súas actividades en inglés e que iso coincida, por exemplo, con que non teña ningún tipo de contacto coa súa lingua propia, o galego? Cal é a coherencia de eliminar a liña en galego reclamada por moitos pais e nais en varios centros (cunha demanda que superaba a oferta) e implantar un terzo do horario en inglés? Deciden os pais neste caso, como decidían para escolarizar os cativos nesta liña en galego?.

PARA MÁIS INFORMACIÓN: www.cig-ensino.com



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

www.cig-ensino.com

Esta orde pretende ser un **novo apoio á privada**, do que xa se deu mostras coa implantación do programa Abalar, permitíndolle aos centros concertados seleccionar o seu alumnado baixo “criterios plurilingües” aínda que logo as aulas non se impartan en lingua estranxeira, senón na lingua predominante segundo o ideario do centro, que será habitualmente o español. Favorécese outra vez á concertada que poderá lucir na súa denominación a de “Centro Plurilingüe” a xeito de medalla que lle dá un plus de calidade. E para que todo quede debidamente apañado a comisión de selección dos proxectos estará integrada exclusivamente por cargos e asesores da Dirección Xeral de Educación e FP, por suposto sen presenza sindical. E ademais recóllese que a avaliación do programa se lle vai encargar a unha entidade allea á Consellaría. Debe ser outra das novas medidas de aforro da Consellaría.

A CIG-Ensino considera que esta orde é un cúmulo de falacias e discriminacións. Por un lado resulta difícil pensar que co **nivel B2** o profesorado estea en disposición de se desenvolver axeitadamente nunha lingua estranxeira como para dar unha materia ao longo do ano. A realidade é que finalmente as aulas se impartirán nunha das linguas oficiais dando algo de vocabulario da materia en inglés, co que, non será propiamente impartición en lingua estranxeira, e sumará máis horas contra o galego.

Por outro lado é unha orde que daría lugar a discriminacións entre o profesorado dos centros:

- porque adopta medidas de **adxudicación das prazas** que van alterar a orde de adxudicación do Concurso de Traslados e da adxudicación provisional, pois, tal e como recolle a orde, esas prazas terán que ser cubertas con profesorado que teña a competencia lingüística correspondente.
- Porque é un dos **motivos polos que se alterou a orde de elección de horarios e grupos**, discutida hai algunhas semanas, e sobre a que dixemos entón que era completamente innecesaria e advertíamos que podía dar lugar a discriminacións pois pode conlevar que o profesorado con máis antigüidade non poida exercer os seus dereitos de elección de curso por mor de que haxa que impartir de terminadas materias en inglés, **de feito esta orde recolle a preferencia do profesorado de lingua estranxeira á hora de asignarlle a titoría dos cursos en que haxa materias en inglés, o que consideramos totalmente innecesario.**

En conclusión a CIG-Ensino esixiu a retirada desta orde porque non garante un mellor aprendizaxe das linguas estranxeiras e por que considera que nin se axusta á legalidade nin é beneficiosa para o ensino. Trátase dunha ferramenta destinada a crear centros de diferentes categorías e vai ser usada contra o noso idioma. Como a Consellaría non retirou esta orde, a CIG-Ensino estudará o emprendemento de accións legais.

Desde a CIG-Ensino lamentamos que ANPE e CCOO non secundaran a proposta de levantarse da mesa, que si foi secundada pola maioría sindical, unha vez máis ANPE e CCOO non teñen inconveniente en facerlle o xogo á Administración continuando na mesa sectorial respaldando esta orde que non supón reforzar a aprendizaxe das linguas estranxeiras e que significa unha redución do galego na aulas.

PARA MÁIS INFORMACIÓN: www.cig-ensino.com